

## DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS

### **Programa de transporte colectivo gratuíto para minusválidos e terceira idade**

#### REGULAMENTO

##### FUNDAMENTACIÓN:

O obxecto do presente regulamento é a adaptación de medidas que garantan o cumprimento do mandato da lexislación autonómica en canto a Servizos Sociais de Atención Primaria.

A Lei de Servizos Sociais de Galicia sinala como un dos obxectivos xerais dos Servizos Sociais "... a mellora da autonomía persoal dos colectivos desfavorecidos...", e define como áreas de actuación dos servizos sociais, entre outras, as de "minusvalías" e "vellez".

O Decreto 240/1995 que regula os Servizos Sociais de Atención Primaria, sinala nos artigos primeiro e cuarto, que son os concellos e agrupacións de concellos os que desenvolverán, crearán e xestionarán os Servizos Sociais de Atención Primaria, que teñen como obxectivos, entre outros, a mellora da autonomía persoal e a inserción social dos membros da comunidade marxinados ou excluídos.

O mesmo decreto sinala como programa básico a desenvolver polos concellos, o de "Inserción Social", orientado á prevención de situacións de marxinalidade e á integración e participación no medio social das persoas e grupos máis desfavorecidos. Para conquistar este obxectivo, propónse a realización, entre outras, de "... accións dirixidas a facilitar o acceso, permanencia e utilización dos recursos normalizados". É nesta área na que pretende desenvolverse o Programa Municipal de Transporte Colectivo Gratuíto, que ten como beneficiarios a persoas maiores e minusválidos.

##### **Artigo 1º:**

O desenvolvemento do presente programa levarase a cabo ó través da distribución controlada de bonos para o uso gratuíto do transporte colectivo que en cada momento se determine.

A posesión de bonos de transporte colectivo gratuíto identifica ó seu usuario como pertencente ós colectivos da terceira idade ou minusválidos, polo que se trata de artigos de carácter persoal e intransferible, e a súa finalidade é a de favorecer-lo uso dos transportes públicos colectivos dentro do termo municipal e COA CAPITAL COMARCAL (Santiago de Compostela)

**Artigo 2º:**

Os bonos para transporte colectivo gratuíto emitidos polo Concello de Brión de conformidade co procedemento recollido neste regulamento, terán validez para aquelas empresas adxudicatarias do servizo e para o traslado a Santiago.

**Artigo 3º:**

Terán dereito á expedición de bonos de transporte colectivo gratuíto, os veciños do Concello de Brión que teñan recoñecida polo Equipo de Valoración de Minusvalías da Vicepresidencia de Igualdade, unha minusvalía igual ou superior ó 65%, así como os maiores de 65 anos, sexan ou non perceptores de prestacións públicas, sempre que non leven a cabo traballos remunerados.

**Artigo 4º:**

Os bonos para transporte colectivo gratuíto poderán ser utilizados en cada momento naquelas liñas coas que o Concello teña asinado convenio/contrato, e para os percorridos igualmente acordados en cada momento. Como norma xeral, cada beneficiario poderá utilizar un máximo de 20 bonos mensuais, ou 240 anuais.

**Artigo 5º:**

O expediente de concesión de bonos para transporte colectivo gratuíto iniciárase a instancia da persoa interesada, aportando a seguinte documentación:

- \* Solicitud segundo modelo que se adxunta
- \* Documento Nacional de Identidade
- \* Certificado de minusvalía (no ser o caso)

O funcionario encargado de recoller as solicitudes, comprobará de oficio a condición de veciño do solicitante (empadroamento), así como o cumprimento das condicións de acceso ó programa (idade e/ou minusvalía), asinando a correspondente dilixencia de comprobación de datos.

Procederáse a continuación á entrega ó beneficiario do talonario de bonos que en cada momento se está a utilizar, anotando no correspondente expediente a data, número e tipo de bonos, cuxa entrega deberá ser asinada polo solicitante.

Cada talonario será solicitado por separado, é dicir, non é posible a retirada de máis dun talonario ó mesmo tempo.

O cómputo anual realizarase a partires do primeiro de xaneiro, e rematará coa entrega número 12 (trátese do mes que se trate), non podendo solicitar máis bonos ata o seguinte comezo de ano.

Os usuarios que soliciten o primeiro bono despois do comezo de xaneiro, terán dereito a tantos talonarios como meses resten de ano, exceptuando o xa en curso no momento da solicitude.

**Artigo 7º:**

O Concello resérvase a potestade de dar de baixa no programa de transporte colectivo

gratuito, a aquelas persoas que fixesen un uso fraudulento dos bonos.

**Artigo 8º:**

O Concello resérvase a potestade de ampliar a concesión do número de bonos para casos suficientemente xustificadas.

**Artigo 9º:**

Este regulamento será de aplicación a partir da entrada en vigor do Transporte Comarcal